

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

| | |
|--|--|
| Capítulo: | |
| Epígrafe: | |
| (Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia") | |

SUMARIO:

Resolución do 14 de xuño de 2010 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se elevan a definitivas as relacións de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para ingreso e acceso ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos anteditos corpos da Comunidade Autónoma, convocado por orde de 8 de abril de 2011 (DOG do 11)

TEXTO:

(Escribir a dous espazos)

De conformidade co disposto no punto 3 da base común 4 da referida orde de convocatoria do proceso selectivo para ingreso e acceso ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos anteditos corpos da Comunidade Autónoma, convocado por orde de 8 de abril de 2011 (DOG do 11), e vistas as reclamacións presentadas contra a lista provisional de admitidos e excluídos, publicada pola Resolución do 25 de maio de 2011 (DOG do 3 de xuño).

Esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos resolveu elevar a definitivas as mencionadas relacións, coas modificacións que se conteñen nos anexos desta resolución.

O feito de que figure a localidade solicitada non implica que sexa a localidade de exame, senón que se determinará na resolución pola que se fan públicas as resolucións dos tribunais, polas que se anuncian as datas, horas e lugares nos que se fará o acto de presentación e se celebrará a

primeira parte da proba prevista na base novena da convocatoria, así como na resolución pola que se fai pública a distribución entre os distintos tribunais das/dos aspirantes admitidos ao procedemento selectivo para ingreso e acceso ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos anteditos corpos da Comunidade Autónoma, convocado por orde de 8 de abril de 2011 (DOG do 11).

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2011
José Manuel Pinal Rodríguez
Director Xeral de Centros e Recursos Humanos

INSÍRASE NO DOG